

# CELEBRACIÓN DÍA DE EUROPA 9 DE MAIO 2011





## ¡conoce tus derechos y ejércelos!



### 9 de mayo día de europa



Visita el portal [europa.eu/youreurope](http://europa.eu/youreurope) o llama a Europe Direct 00 800 6 7 8 9 10 11



## Actividades e obradoiros de dinamización:

### Destinatarios:

Todos os rapaces e rapazas que se acheguen á celebración do Día de Europa, con idades comprendidas entre 5 e 12 anos.

### Lugar de celebración:

Praza Maior de Lugo

### Horario actividades:

Día 8 de maio de 11:00 a 13:00 h. e de 17:00 a 20:00 h.

1. Xincana cultural.
2. Bandeiras de Europa  
Obradoiro de elaboración de bandeiriñas.  
Obradoiro de maquillaxe.
3. Crebacabezas no solo das bandeiras dos países integrantes da Unión Europea.
4. Obradoiro de debuxo: "Debuxa Europa".
5. Obradoiro eurochapas: realizaranse pins, chapas con símbolos da UE- con material reciclado.
6. Mural co mapa de Europa: as rapazas e os rapaces teñen que comentar/describir algo característico de cada país.
7. Xogos europeos colectivos:  
  
Alla frutta (Italia)

Grupos de sete ou oito persoas. Formarase un corro e agarrarase das mans, excepto unha, que se queda con ela e se afasta por uns intres del. Cada unha das persoas que forma o círculo pensa o nome dunha froita, sen dicírllelo ás demais persoas. Cando todas e todos o pensaron, chaman a quen se queda con ela, a cal se achega ao corro e di: "Á froita, á froita... (o nome dunha froita)". Se non hai ninguén que responda, repite o proceso dicindo unha nova froita. Se a froita nomeada é a mesma que pensou algunha das persoas que forman o corro, quen a pensou grita: "Son eu!" Pode haber varias persoas que teñan pensado a mesma froita. Entón, quen queda con ela tenta atrapar calquera das que se identificaron, mentres que as que forman o corro tratan de impedirlo. Cando a que queda con ela o consegue, ambas as dúas persoas xogadoras intercambian os seus papeis. Pode suceder que antes de conseguilo, o corro se rompa, neste caso a que queda coa froita elixe unha das dúas xogadoras ou un dos xogadores cuxas mans se soltaron para substituíla.

#### Atrapa a pedra (Grecia)

Grupos de sete ou oito persoas. Todas as persoas xogadoras, excepto unha, se colocan de pé detrás dunha liña trazada no chan, unha xunto a outra, coas mans xuntas e os polgares cara a arriba, pero deixando un pequeno oco entre as súas mans. A xogadora ou o xogador libre, cunha pedra pequena, vai pasando por diante do resto finxindo poñer a pedra nas mans dalgunha ou dalgún ou colocándoa realmente. A persoa que recibe a pedra ten como obxectivo tocar unha árbore situada fronte a el, a uns dez metros da liña, antes de ser alcanzado por calquera das outras. Se o consegue pasa a ser ela ou el quen deposite a pedra no seguinte xogo; no caso de ser tocada ou tocado por calquera compañeira ou compañeiro, esta acción corresponderalle a quen lle tocou. A xogadora ou o xogador que recibe a pedra pode botar a correr cando queira, non ten por qué facelo inmediatamente.